

22 > 30 DECEMBRO 2020 RIANXO



“ CACHAPORRAS DE PAU DE LARANXO ”

A COVA DAS LETRAS · INDIGNATI · DIÁSPORA TEATRO
FANTOCHES BAJ · FRAN REI · IRIA PINHEIRO + ÁUREAS
SEISDEDOS MARIONETAS · TÍTERES CASCANUECES
VIRAVOLTA TÍTERES · XIRAPPAUS



INFORMACIÓN
WWW.TITIRIBERIA.COM
PROGRAMA ONLINE E DESCARGA



RESERVAS E ENTRADAS
AUDITORIO@CONCELLODERIANXO.GAL
664 183 217

Memoria xustificativa de Titiriberia 2020

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES

Presentamos o programa da quinta edición de Titiriberia, que se desenvolveu entre o 22 e o 30 de decembro en diferentes localizacións do Concello de Rianxo.

1. ESPECTÁCULOS

O horroroso crime de Xan Miñooca

VIRAVOLTA TÍTERES

A sonada historia de Xan Miñooca, tal e como a cantan os cegos, é verdade ou non? Un espectáculo de títeres de cachaporra con música de piano en directo, no que descubrimos a verdade sobre os terribles crimes que disque cometeu tan perigoso personaxe. Inspirada na obra de Eduardo Blanco Amor "Amor e crimes de Juan el Pantera".

- 22 MARTES
- 17:00 19:00 50 min Todos os públicos
- Centro Sociocultural A Capela do Araño

Victoria. Nostalxias do pasado

DIÁSPORA TEATRO

María Dobronich pon en escena esta obra de teatro Lambe Lambe. Desde o intimismo dunha caixa escénica representa, con pequenos bonecos e obxectos, en non máis de 5 minutos, secretas situacións teatrais, que son apreciadas por só un ou dous espectadores cada vez, que observan a peza a través dunha fiestra. Victoria é un espectáculo sen palabras que fala do paso do tempo, das partidas, da memoria. Unha homenaxe ás avoas e a todas as mulleres que tiveron que dicir adeus ao que foi o seu fogar.

- 23 MÉRCORES
- 12:00 a 14:00 5 min +12 anos
- Mercado (soportais da Praza Castelao)
- 30 MÉRCORES

Este espectáculo foi ilegal

SEISDEDOS MARIONETAS

O titiriteiro lalinense Anxo García presenta o monólogo do compadre Fidel de Os Cornos de D. Friolera de Valle-Inclán nunha fermosa tradución. O formato “Lambe Lambe”, chamado así porque se representa nunhas caixiñas que recordan ás dos minuteiros retratistas que en Brasil reciben o nome de “Lambe Lambe”, ven sendo o mesmo sistema que o titirimundi español retratado por Goya, o peep show anglosaxón ou o langpian chinés, con máis de 600 anos de existencia. O manipulador colócase nun lado desas caixas e representa dentro dela o espectáculo para o público (nunca máis de dúas ou tres persoas) que se colocan no lado contrario e que a ven a través duns visores ou buratos.

- 23 MÉRCORES
- 12:00 a 14:00 5 min adultos
- 30 MÉRCORES
- Mercado (soportais da Praza Castelao)
- 12:00 a 14:00 5 min +12 anos
- Mercado (soportais da Praza Castelao)

O baúl de Barriga Verde

TÍTERES CASCANUECES

O personaxe Barriga Verde percorreu toda Galiza da man da familia Silvent durante o século pasado. Nesta nova versión, da man do titiriteiro cubano afincado en Compostela Lázaro Duyos, chega á vila co mesmo espírito enxeñoso e retranqueiro que no seu día encheu de risa a crianzas e maiores.

- 18:00 50 min Todos os públicos
- Centro Sociocultural A Capela do Araño
- 23 e 26
- O baúl de Barriga Verde
- TÍTERES CASCANUECES
- 12:00 50 min Todos os públicos
- CCD de Taragoña

Teatro á feira

A COVA DAS LETRAS

Congréganse nesta FEIRA seis personaxes defendidos por Cristina Collazo e Anxo García, que cos seus contos e cantos fan voar a imaxinación dos asistentes. A MINUTEIRA dará conta de cada instante a través dos seus retratos... Todo o mundo fica atento aos contos do FISTOR, para cada conto un canto, mais gardádevos de metervos con PEPA A LOBA e o seu can LUEIRO, un monicreque bravo e larpeiro. PEPE DAS MULAS ou o VENDEDOR DE TARABELAS converten as súas historias en auténticas lendas e toda espectadora que queira, rematará nas mans da POSTICEIRA.

- 27 DOMINGO
- 12:00 50 min Todos os públicos
- CCD de Taragoña

Ratas!

INDIGNATI Asociación Galega de Commedia dell'Arte

Ratas! É un espectáculo de Commedia dell'Arte que combina a improvisación coa música en directo, algo de acrobacia, loita escénica e unha grande dose de humor. No marco dunha praga que arrasa a cidade, Ratas! convértese nunha interesante metáfora para estes tempos de crise sanitaria, en que todos ansiamos que apareza da nada unha máxica solución, aferrándonos a calquera melodía que soe a esperanza, perseguindo como nenos ao Flautista de Hamelín.

- 27 DOMINGO
- 18:00 50 min Todos os públicos
- Auditorio de Rianxo - Sala "Arcos Moldes"

Os romeiros do caracol

FANTOCHES BAJ

Os irmáns Quintá percorren o camiño de volta de San Andrés de Teixido á súa casa despois de cumprir a promesa de levar ao seu defunto avó ao santuario en forma de caracol, xa que non fora de vivo. Nun enorme caracol-vivenda cóntanse e cántanse as cancións e as lendas de San Andrés. Ignacio Vilariño emprega títeres, cartel de cego, máscaras, e outros recursos do teatro popular neste espectáculo coa música en directo do acordeón diatónico de Carlos Quintá.

- 28 LUNS
- 18:00 50 min + 5 anos
- Auditorio de Rianxo - Sala "Arcos Moldes"

O conto de Barriga Verde

FRAN REI

Fran Rei presenta un novo espectáculo unipersoal que mestura narración oral, humor e maxia: O conto de Barriga Verde. Escrito por Avelino González a partir de tres obras de Manuel María (Barriga Verde, Os soños na gaiola e Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela), O conto de Barriga Verde pretende ser un achegamento á poesía, prosa e teatro do autor lucense.

- 29 MARTES
- 17:00 19:00 50 min + 3 anos
- Centro Social da Atalaia - Asados

As varietés do Barriga Verde

IRIA PINHEIRO, ÁUREAS E OUTRAS

Tamén neste tempo de pandemia temos un oco para despedir este 2020 con aires de cabaret, poemas achampañados, títeres, escapismo e bolañadas. Concha Cocos (Iria Pinheiro), a exitosa gurú emocional da pandemia, será a condutora do evento e deleitará ao público cunha serie de revelacións sobre decadente actualidade.

Números de clown, música, teatro e títeres a cargo de Esther Carrodegas, Tero Rodríguez, Lucho Penabade, Pajarito, María Dobronich, Borxa Ínsua e Lázaro Duyos e ambientado por un divertido trío musico-teatral conformado por integrantes das Áureas.

- DÍA 30
- 20:00 120 min adultos
- Auditorio de Rianxo - Sala "Arcos Moldes"

2. OUTROS ESPECTÁCULOS

Exposición: Kinetiko de Xirapaus

Presentamos unha iniciativa que bebe de dúas fontes artesás para crear unha serie de autómatas pensados para o xogo, para tocar e desfrutar nun contorno interxeracional apostando por recuperar un oficio ben antigo e moi relacionado co mundo das marionetas. O titiriteiro Ero Vázquez de Teatro Marionetas Trécola e mais o xogueteiro Manuel Taboada Fernández de A Chintofanería, unen os seus coñecementos e experiencias nunha exposición ideal para persoas interesadas tanto na artesanía coma no xogo. O formato interactivo da exposición e a súa organización e visitas guiadas a grupos burbulla fixo desta iniciativa unha proposta ideal para os tempos de pandemia en que se desenvolveu o festival.

- 22, 23, 26 e 27 de decembro
- Casa de Cultura Cuartel Vello - Rianxo
- https://youtu.be/t_1wPVfzxy4
- Exposición: Onde foi Barriga Verde?
- Unha reflexión xeral sobre o personaxe e o seu esquecemento. A historia dos Silvent, a importancia das feiras, o patrimonio inmaterial ou a tradición dos títeres europeos.
- 22 e 23 de decembro
- Centro Sociocultural A Capela do Araño
- 28, 29 e 30
- Auditorio de Rianxo

Exposición: Onde foi Barriga Verde?

Unha reflexión xeral sobre o personaxe e o seu esquecemento. A historia dos Silvent, a importancia das feiras, o patrimonio inmaterial ou a tradición dos títeres europeos.

- 22 e 23 de decembro
- Centro Sociocultural A Capela do Araño
- 28, 29 e 30
- Auditorio de Rianxo

Exposición: Barriga Verde e a arte dos Silvent

Quen foi a familia que levou a Barriga Verde polas feiras de Galiza? De onde viñan, e como gañaban a vida? Nesta exposición déitase algo de luz sobre as persoas que estiveron detrás do derradeiro expoñente do teatro popular de títeres no noso país, tentando así render homenaxe ao oficio das persoas titiriteiras e artistas ambulantes.

- 26 e 27 de decembro
- CCD de Taragoña
- 28 a 30 de decembro
- Auditorio de Rianxo

Conferencia "Commedia dell'arte: artesanía teatral"- Nando Llera

Actor, director, profesor na Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia e presidente da Asociación Galega de Commedia dell'Arte "Indignati". A historia dos monicreques sempre estivo vinculada á Commedia dell'Arte. Personaxes tan coñecidos como Don Cristóbal, o inglés Punch ou o noso Barriga Verde, presumen dun antepasado común: o mítico Pulcinella napolitano. Nesta charla afondouse nas orixes, a evolución e o estado actual dun modelo de espectáculo que hoxe continúa tan vixente como nas súas grandes épocas de esplendor.

- 26 de decembro
- Centro Sociocultural A Capela do Araño
- https://youtu.be/v_va8-tGWLc

Mesa redonda: A innovación da Cachaporra. Novos xeitos para traballar a tradición

Con Santi Prego, Inacio Vilariño e Alba Grande

Moderada por Comba Campoi

Tradición e innovación poden parecer termos contrapostos, mais en realidade están emparellados. A tradición, entendida como algo que se vai nutrido ao longo dos séculos da creatividade dos pobos, debe ter na innovación un dos seus ingredientes fundamentais. Convidamos a tres profesionais das artes escénicas a compartir connosco as súas reflexións e experiencias como innovadoras/es da tradición titiriteira.

Aínda que prevista inicialmente en formato presencial, acordouse desenvolver a mesa por videoconferencia para cumprir o toque de queda imposto polas autoridades sanitarias e evitar contactos estreitos innecesarios entre as persoas participantes.

Prevista para o Auditorio de Rianxo - Salón de actos

<https://youtu.be/ZaicclYyjnc>

Curso: Obradoiro de iniciación á commedia dell'arte

Impartido por Nando Llera, actor, director e profesor de Interpretación na Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia, e presidente da Asociación Galega de Commedia dell'Arte "Indignati". As persoas participantes iniciáronse nas técnicas básicas da Commedia dell'Arte. Traballaron moitos dos elementos en común cos títeres de cachaporra, técnicas básicas de acrobacia e loita escénica con baticchio, traballo coa máscara, construción dos seus personaxes a través da composición física: Arlequino, Colombina, Pantalone, Dottore, Capitano, Enamoratati... e remataron facendo pequenas improvisacións e postas en escena propias. O curso contou finalmente coa participación de seis persoas, varias delas membros da agrupación local de teatro amador Airiños.

26 e 27 de decembro

Centro Sociocultural A Capela do Araño

Videos

A atender tamén ás limitacións de capacidade de espazos culturais e con vistas a apoiar o consumo cultural en momentos nos que o público pode ser reticente a se agrupar para asistir a espectáculos ao vivo, reorientáronse parte dos fondos de contratación e traslados cara á gravación en vídeo das funcións. A transmisión vía Youtube da totalidade dos espectáculos desenvolvidos no programa amosou o enorme potencial deste formato. Os contidos das compañías participantes estiveron en liña no tempo de duración do festival, mentres a conferencia, mesa redonda e aquelas producións que contaron coa colaboración da AC Morreu o Demo (Varietés e exposición) quedaron en aberto. Ademais, este material audiovisual, tanto en bruto como editado, púxose a disposición das compañías participantes, que obtiveron así do evento un material que poden empregar como videobook, publicar pola súa banda ou darlle calquera outro uso do seu interese.

<https://youtube.com/playlist?list=PL0VxWyBErW3Md0Nnk-Gp1OMqXZqZ-CH1r1>

<https://youtube.com/playlist?list=PL0VxWyBErW3M9eQTE6757QRLzhHETDhCr>

3. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

Entre o 22 e o 30 de decembro en diferentes localizacións do Concello de Rianxo (concretados no apartado anterior).

4. CUANTIFICACIÓN E PERFIL DAS PERSOAS PARTICIPANTES

As limitacións establecidas polas autoridades sanitarias para asistencia a eventos culturais nas datas de celebración do festival limitaron de xeito drástico o alcance das actividades e actuacións ao vivo. Deste xeito, polas limitacións dos auditorios, as cifras de público foron moi inferiores ao habitual no evento.

A sumar as diferentes funcións e espazos, o recuento de público presencial, realizado pola Asociación e o Concello, é de 404 persoas, o que inclúe as visitas a exposicións, tanto autónomas como guiadas, a asistencia a espectáculos colectivos e participación nos lambes-lambes, de uso individual. A cifra é ao noso parecer un éxito dada a complexa situación en que se desenvolveu o programa, e amosa un importante interese, tanto a nivel local como fóra de Rianxo pola proposta.

A esta asistencia presencial cómpre sumar as máis de mil visitas aos vídeos do festival na canle de Youtube (a febreiro de 2021), que confirman a existencia dun importante público con interese polas proposats do festival e mais dos títeres tradicionais.

Visitas aos vídeos do festival na canle de Youtube (a febreiro de 2021)

Vídeo	Número de visualizacións
Kinetiko. Xirapaus no Titiriberia 2020	37
O Conto de Barriga Verde	19
Romeiros do Caracol	27
Ratas!	82
Teatro á feira	44
Conferencia de Nando Llera	78
Este espectáculo foi ilegal	60
Nostalxias do pasado	159
O baúl de Barriga Verde	60
O horroroso crime de Xan Miñooca	101
Mesa redonda: a innovación da cachaporra	48
As varietés de Barriga Verde	71
Resumo Titiriberia 2020	38

5. REPERCUSIÓN EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS

O traslado fóra da área metropolitana de Compostela deixouse sentir no tipo de cobertura mediática que se lle deu ao festival. Deste xeito, no dossier de prensa da edición pódese comprobar un maior peso de medios locais e comarcais fronte á atención de medios xeralistas doutras xeiras.

O peso da pandemia deixouse tamén notar na cobertura dada ao evento. Unha maior dificultade para os traslados, o toque de queda e problemas similares dificultaron en boa medida o acceso de profesionais da comunicación ao evento. No entanto, ao ver da organización, conseguiuase unha importante cobertura mediática, en particular nos medios que poden contribuír a unha maior integración do festival na sociedade e na axenda cultural da súa nova localización.

<https://drive.google.com/file/d/17iCL1ZIDCXMKDFgQda6tnBAQUGHXF22J/view?usp=sharing>

O web do festival e mais o da asociación publicaron un total de dez entradas vencelladas ao festival.

Enviáronse un total de 9 notas de prensa sobre o evento a medios de todo tipo. Fixéronse dúas entrevistas radiofónicas e a TVG realizou a posteriori unha reportaxe sobre a exposición Kinetico a raíz da súa presenza no festival

Como complemento á difusión en medios, a publicación de vídeos das actuacións desenvolvidas no evento supuxo tamén unha importante canle de divulgación do festival.

https://youtu.be/eith_h403u4

6. RESULTADOS OBTIDOS

Adaptación Covid e traslado

A negativa a última hora (setembro) e sen motivo do Concello de Teo a desenvolver o festival, obrigou a AC Morreu o Demo a procurar unha localización alternativa para o mesmo. Tal negativa desenvolveu-se apenas un mes da última confirmación do seu apoio e logo de ter amosado a súa disposición en diferentes momentos do ano a continuar co proxecto. Desde a Asociación, a seguir o proposto á Deputación na reformulación do programa por mor da pandemia de Covid-19 ofertouse á Concellaría de Cultura a posibilidade de desenvolver unha edición totalmente ou parcialmente en liña, perfectamente axustada a calquera das posibles situacións sanitarias baralladas.

Logo da negativa de Teo a continuar a colaboración, e despois de o ter comentado con responsables da área de Cultura da Deputación da Coruña, a AC Morreu Demo iniciou contactos co Concello de Rianxo como posible nova sede do festival. A disposición do Concello foi enormemente positiva desde o primeiro momento, e mesmo se comprometeron a un apoio económico superior ao acordado con Teo. Ao tempo, a cámara municipal correu coa distribución de cartais, contratación de anuncios en medios de comunicación comarcais e apoio loxístico e técnico.

A dispoñibilidade dun auditorio completamente equipado a nivel de son e iluminación e con persoal dedicado, así como a colaboración de todo o persoal municipal facilitou enormemente o desenvolvemento das actividades do festival. A rapidez coa que se integrou o evento na programación cultural local fixo que fose necesario trasladar as datas de celebración, de xeito que o evento se integrou nesta primeira edición na vila, na programación de Nadal do Concello.

O traslado supón a perda dunha rede de contactos con asociacións veciñais, culturais e asistenciais no Concello de Teo e marca, polo momento, a fin da iniciativa pioneira de recuperar a presenza de Barriga Verde na Feira Cabalar de Francos, espazo destacado de memoria da actividade titiriteira histórica.

No entanto, a enormemente positiva resposta de concello, veciñanza, colectivos locais e mesmo profesionais do espectáculo presentes en Rianxo marcan unha época de enorme optimismo de cara á consolidación do festival na súa nova localización e á súa integración no tecido cultural da zona, nunha vila que demostra de xeito continuado a súa vocación por ser referente e herdeira dunha importante tradición cultural. Ademais, a existencia dun importante movemento de teatro amador na zona (Mostra de Teatro Aficionado Alter Ego, ou Grupo de Teatro Airiños, nado en Asados en 1933), canda a unha importante dinámica escénica previa, con grande interese de público, facilita a creación dunha rede de colaboración e a integración do evento na programación local.

Tal e como se adiantara na reformulación do proxecto por mor da Covid-19, a organización do festival apostou na edición 2020 por contar exclusivamente con compañías galegas. Esta decisión serviu por unha banda como un xeito de apoio a un sector escénico moi debilitado pola crise sanitaria. Pola outra, evitou a problemática de desprazamentos a longa distancia en momentos nos que a mobilidade pode verse seriamente limitada.

Canda a isto, a aposta por formatos escénicos como os lambe-lambe, que permiten o visionado individual, a exposición interactiva Kinetico, que se puido experimentar en grupos burbulla e mais a retransmisión en liña das propostas escénicas do festival conseguiron unha edición cun importante éxito de público e total seguridade sanitaria.

Colaboración con outras entidades asociativas

Grupo de Teatro Airiños

A AC Morreu o Demo iniciou unha colaboración co Grupo de Teatro Airiños nesta xeira do festival. Para alén de lles facer descontos na matrícula do Curso de Commedia Dell'Arte e da conferencia correspondente, falouse previamente con este colectivo para coñecer os seus intereses e preferencias á hora de programar os horarios e contidos deste proxecto, con vistas a procurar unha maior integración da comunidade local no proxecto e tecer redes de colaboración.

Asociación Cultural Gli Indignati

Ao igual que en anos anteriores, o festival aposta pola colaboración doa Asociación Gli Indignati de Commedia dell'arte. A partir do interese común por esta forma artística que está na base do títere tradicional europeo desenvólvense sinerxias que, por unha banda, achegan contexto (vía conferencia e curso) aos contidos do programa do festival, e pola outra complementan o mesmo. A presenza da compañías escénica deste colectivo no programa amosa a posibilidade de abordar nun formato como é o teatro convencional tramas e contidos que se ven tamén representados na forma dos títeres. O diálogo entre estas formas contribúe, por unha banda, a contextualizar e darlle ao títere tradicional a súa categoría de patrimonio cultural. Ao tempo, contribúe á divulgación desta forma teatral ao amosar o seu vencello con formas populares e integradas na memoria do país como é o títere tradicional e Barriga Verde. Para alén da contratación, desenvólvese un continuo debate entre as asociacións con vistas a consolidar e ampliar estas sinerxias.

Produción e apoio a compañías e propostas escénicas

Realización de vídeos a disposición das compañías

A elaboración de vídeos das funcións que se desenvolveron no festival serviu como apoio para as compañías que participaron no evento, xa que se puxo á súa disposición tanto o material gravado en bruto como os vídeos editados. Isto achégalles a todas elas unha ferramenta destacada para a promoción, elaboración de vídeo-booking ou calquera outro uso que lle queiran dar este material.

Apoio á creación da exposición Kinético

Ademais, a AC Morreu o Demo contribuíu, coa súa contratación adiantada, a que este proxecto dispuxese de fondos para se desenvolver. No marco da colaboración con esta iniciativa, a AC correu tamén co deseño gráfico e de carte-

laría do proxecto e desenvolveu material audiovisual de presentación do mesmo. Ademais achegou asesoramento histórico para que os seus contidos se vencellasen ao títere tradicional galego e europeo.

Produción do espectáculo A varietés de Barriga Verde

Como é habitual, a organización do festival apostou pola creación dun espectáculo específico para a edición, a contar con profesionais de diferentes ámbitos do sector (circo, música, títeres, teatro...) que se encontraron neste formato multimedia e aberto ás súas achegas. A proposta de números de curta duración favorece a creación de redes e o diálogo entre diferentes formas creativas, dando pé a sinerxias e a xerar novos números, como se pode comprobar na propia gravación do espectáculo, onde diferentes artistas interveñen alén dos seus números orixinais e xeran novas formas creativas.

Conferencia e mesa redonda

A AC Morreu o Demo deixou a disposición do sector teatral e do público afeccionado os contidos íntegros da mesa redonda e da conferencia sobre Comedia dell'arte, materiais de grande interese para formación e o debate, tanto no seo das profesións escénicas como no marco de centros de ensino xerais e especializados, así como a nivel de divulgación destas formas artísticas no marco do sector amador.